

Os tentáculos da música galega



Os integrantes de Charanga.

GALICIA NOS USA ▶ O meirande símbolo de patriotismo estadounidense é o himno 'Barras e estrelas', composto por un tal John P. Sousa, de galegitude agoirada. No ventre do imperio, sete músicos de Oregón sen lazo algún con Galicia tocan a música dos fillos de Breogán.

Gaitas no cerne do imperio

POR: MARTA VEIGA
FOTO: EP

CHARANGA É o título dunha canción de aires galegos de Juan Pardo. E tamén unha big band de Oregón, nos EE.UU., que toca música galega. Ningún dos seus membros é orixinario desta terra. É complicado persuadir a sete colegas para que toquen a 'Ribeirana de Pontevedra' ou a 'Alborada

Galega de Veiga'? O contancontos e compositor Kevin Carr fíxoo. E que foi o primeiro que dixeron os outros músicos de Charanga?

«Na pequena cidade de Ashland, en Oregón, hai un montón de músicos. Eu teño interpretado música irlandesa e de Québec con moitos deles. Comencei a tocar a gaita en sesións, e eles preguntáronme pola música. Foi sinxelo

aprenderlles melodías, levarlles música para que escoitasen e amosarlles música galega no YouTube...

En Charanga hai un saxofonista e un acordeonista —que é sueco, pero a súa muller brasileira procede dunha familia que unha vez viviu en Galicia—. Asemade, un dos percusionistas ten ancestros españois. E o que toca o bombo é o

veciño de Kevin Carr, este último, un home con inqedanzas que nun dos seus proxectos artísticos mestura música tradicional irlandesa con pezas de Grateful Dead.

Carr, multiinstrumentista, é o gaitero e tamén canta. El coñeceu a música galega en 1978. En Galicia e con músicos estudantes que lle daban ao tamboril, ao pandeiro e á pandeira. «A música e o baile

cautivaron a miña imaxinación». Aprendeu a tocar dúas muñeiras e, como no podía ser doutro xeito, comezou pola 'Muñeira de Lugo'.

De volta nos Estados Unidos seguiu traballando no punteiro e apertando o fol «nunha gaita moi mala». Cando anos máis tarde quixo dar un paso máis cuns amigos contactou «cos Seivane» e encargou cinco cornamusas do trinque do taller do artesán de Ribeira de Piquín. «Teño un grande respecto, admiración e afecto por esta familia», di.

E gústalle á xente de Oregón a música galega? Kevin Carr é taxante: «Ata o de agora, calquera que escoitou esta música adóraa! Eles din que nunca antes escoitaron nada semellante. É marabilloso e extraordinario. A xente baila e disfrútao tremendamente».



GENTE ▶ Jennifer Aniston regresa con una comedia romántica, 'Exposados'
«Lo que te enamora de alguien es lo mismo que acaba desquiciándote» >P62



Embaixadores De Cristina Pato a Andre Nickatina

A música galega é practicamente descoñecida para o gran público dos Estados Unidos, pero hai quen lle procura un espazo. Se un pasea pola taboleiro da gaitera ourensá Cristina Pato pode ler: «Gaita galega na universidade de Princeton», como anuncio dunha actuación súa no prestigioso centro de saber.

Aí están proxectos como Charanga e dinamizadores como Kevin Carr. 'Aires de Pontevedra' ou a 'Muiñeira de Pontesampaio', de Ricardo Portela, forman parte do repertorio habitual das bandas —e non só galegas— no Día de San Patricio en Nova York. Mesmo na campaña 'Vivamos como galegos' de Gadis, dúas mozas esconxúranse para encher a Gran Mazá non de gaiteros, senón de gaiteras...

Hip hop 'gansta' coa 'Muiñeira de Chantada'

En redes sociais coma Chuza.org, os seareiros penduran con orgullo as cancións 'Kilt it', do rapeiro de Brooklyn (Nova York) Pack FM, candidato ao mellor letrista do hip hop en 2009, e 'My wishes', do MC Andre Nickatina, orixinario do Fillmore District de San Francisco. Ambos empregan, ambos os dous, a melodía da muiñeira de Chantada, de Ave-lino Cachafeiro, como sampler para as súas composicións.

De premio

Kevin Carr, o gaitero de Oregón, cre que ideas así reviven a música popular, mentres que José Colmeiro apela a experiencias como a recente, e premiada nos Grammy, colaboración de Cristina Pato con Yo-Yo Ma ou a que asinan as caboverdianas asentadas en Burela de Batuko Tabanka con músicos galegos.

Colmeiro engade que se trata de experiencias que espertan a mesma «curiosidade, interese e fascinación» entre os seus alumnos da universidade de Michigan que a escolta dese himno rabudo de Os Rastreros que é 'Tractorada'.

Vaamonde e o seu irmán, Alberto Coya ou Edelmiro Fernández. Gústame Milladoiro, por suposto, e Luar na Lubre, Os Cempés e bandas novas como Lincorne», enumera un home que na páxina web exhibe unha fotografía na que posa cun violín que pertenceu a Faustino Santalices.

Pero o seu grande amigo e mentor e o gaitero Alexandre Cadarso 'Cano', a quen coñeceu a través do arxentino de raíces galegas Manuel Torres. A súa historia con Cano ten doas en ambas as dúas beiras do Atlántico «Vistámonos unha chea de veces». Cano mesmo aprendeu a tocar a gaita nun campamento de música chamado Lark in the Morning, en Mendocino, California. «Cando empezamos tiñamos cinco gaiteros; agora temos 15 gaiteros e gaiteras».

GAITEIROS CALIFORNIOS. Un campamento de gaita en California? E moito máis ca iso. Froito da conexión Carr-Cano e dun terceiro home nesta alianza, naceu o proxecto Os Gaiteros Bandidos Californios. «O director da banda de metais do campamento é Greg Moore, un marabilloso profesor que viviu varios anos en Portugal e tolea pola música galega». Os Gaiteros, dispoñibles no YouTube, son unha especie de fanfarria con gaitas que se reúnen «sempre que poden, para tocar e pasar un gran rato», explica Kevin Carr.

Nunha información no diario Mail Tribune, Carr explica que Galicia está na península Ibérica ao norte de Portugal, que é un lugar verde, cunha climatología semellante á irlandesa e que na súa música hai pegadas célticas, romanas, xermánicas, de Sudamérica... Conta como en Galicia houbo gaitas antes ca en Irlanda ou en Escocia e que, según a lenda pancéltica, foron os galegos os primeiros poboadores de Eire.

E se Kevin Carr sementa galeguidade nos Estados Unidos, tamén hai fillos de Breogán que o fan. Un deles é José F. Colmeiro, que foi profesor na universidade de Michigan ata que en xaneiro gañou a cátedra Príncipe de Asturias en Auckland, Nova Zelandia. «Si, máis lonxe aínda... O próximo reto será facer soar a cultura galega aquí», di nas antípodas.

Colmeiro tamén se propuxo debullar a música galega nos Estados Unidos e escolleu o movemento bravú para facelo. 'Smells like wild spirit' (Cheira coma o espírito salvaxe, en inglés), nunha asociación directa ao 'Smells like teen spirit' de Nirvana, foi o título

baixo o que impartiu unhas conferencias que seguiron 20 alumnos avanzados e de posgrao de español en Michigan.

«A maior parte dos alumnos tiñan certa idea sobre a cultura de Galicia porque xa leran contos de Manuel Rivas e viran alguna película ('A lingua das bolboretas') no curso, pero pouco ou casi nada sobre música popular... Falaba das hibridacións da música poplar galega, rural e urbana, local e global ao tempo», lembra Colmeiro.

E con qué material. «Repasamos algúns vídeos do Xabarán e cancións de Os Diplomáticos e algún dos himnos do 'agrorock', 'Vimos do monte', de Apanda Rapaz; 'Nitramón 15, 15, 15', de Pinto d'Herbón, e 'Tractorada', de Os Rastreros», admite o profesor.

Na relación grunge-bravú hai varios factores. Desde unha cita de María Yáñez, que foi directora da revista bravú, ata o feito periférico. «Galicia e Seattle non son Nova York». Percibe tamén «un común horizonte de época, unha postura alternativa, influencia punk e o son forte cru e distorsionado con moita enerxía, e unha actitude de rebeldía cultural».

Colmeiro fala tamén «de líderes carismáticos que fan coagular os movementos»: Kurt Cobain e Xurxo Souto, «con todas as diferenzas de por medio...», chancea.



José Colmeiro

Ensinou o bravú en EE.UU.

Repasei cos meus alumnos de Michigan vídeos do Xabarán e púxenlles a 'Tractorada' de Os Rastreros na clase»

Eran estudantes avanzados de español e de posgrao e coñecían algo sobre Galicia polos contos de Manuel Rivas»

O grunge e o bravú tiveron líderes que coagulan os movementos: Cobain e Xurxo Souto, con todas as diferenzas»

Carr só ten unha pega: «Unicamente desexaría que alguén aquí puidese aprendernos baile galego», engade.

Charanga interpreta un repertorio popular. Na súa páxina web, www.kevincarr.com, pódese escoitar unha versión da mítica 'A Carolina' e Carr canta en galego, de oído. «Falo algo de castelán e estou tratando de aprender máis galego, porque adoro a música no voso idioma e o seu son é marabilloso. Confío en aprender máis do

idioma e máis cancións de volta en Galicia», comenta.

Como amante da música galega, os músicos de Charanga e, en particular, o seu cantante e gaitero están atentos ao que se coce intramuros do telón de grelos. A listaxe de gaiteros nos que se mira é longa e amosa ser un home informado.

«Devezo polos vellos mestres, como Ricardo Portela, Emilio Corral ou Moxenas, e os mestres novos, como Susana Seivane, Suso